

CONSTRUCCIÓN INTERROGATIVAS

- **Interrogativas totais:** A interrogación recae sobre a totalidade do enunciado ena resposta tamén: ***Tes fame?***

Posibles respostas:

- ✓ Coa repetición do verbo: *Teño*
- ✓ Facendo outra pregunta: *Queres que teña?*
- ✓ Con reticencia: *Terei...*
- ✓ Utilizando expresións que reforzan: *Claro! Moita!*
- ✓ Nun modo máis neutro: *Si*

- **Interrogativas parciais:** A interrogación recae sobre unha das partes do enunciado e a resposta tamén: ***Que hora tes?, Prefires té ou café?***

- **Interrogativas retóricos:** A interrogación faise sen esperar unha resposta por parte de ninguén: ***Por que non virán as vacacións dunha vez?***

➤ **Interrogativas directos:** Formúlase directamente unha pregunta: ***Vés ao cine?***

➤ **Interrogativas indirectos:** Trátase dunha pregunta enmascarada pois aínda que a actitude é interrogativa (quérese saber a resposta), a formulación é enunciativa: ***Pregúntome se che gustaría vir comigo ao cine.***

PROBANDO...

Que pregunta correspondería a cada unha destas respostas?

1. *Iso dixen eu*
2. *Iso díxeno eu*
3. *Eu dixen iso*